

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

| | | | |
|---------------|--------------------------------|------|--|
| Materia | PLÁSTICA | Páx. | |
| Curso / Ciclo | 2º curso de educación Primaria | | |

CONTIDOS

Preténdese que a plástica teña unha estreita relación co traballo nas áreas de sociais e naturais ,coas festividades e actividades complementarias que se levan a cabo no centro ó longo do curso. Polo tanto ,esta área xirará arredor de:

-A figura humana:a cabeza e o tronco de fronte e de perfil..Partes do corpo humano(cabeza,tronco e extremidades).Figura humana en movemento.A proporcionalidade na figura humana

-Animais: Formas básicas de aves e de mamíferos.Peixes e insectos.O círculo dentro do debuxo dos animais

-Plantas: Flores,árbores,plantas de xardín e de bosque.

-Obxectos:Con forma cúbica e redondeada.Formas regulares e irregulares.Semicírculo,triángulo,cilindro,esfera.Figuras xeométricas.Composicións usando as liñas poligonais cadrado e triángulo.

-Paisaxe:Elementos da paisaxe,formas,fondos,primavera.de día e de noite, de clima cálido e de clima frío.Paisaxe de montañas,mariña,aérea,espacial,de bosque,de campo.

-Creatividade:Personaxes de conto,deseño,seres imaxinarios.

OBXECTIVOS

- Debuxar a figura humana, animais.
- Aplicar técnicas mixtas de composición.
- Explorar combinacións de cores.
- Debuxar personaxes partindo do eixe de simetría.
- Combinar técnicas de debuxo,recortado,pegado,picado...
- Presentar os traballos con orde ,claridade e limpeza.
- Recortar, pegar e montar móbiles.
- Disfrutar realizando creacións artísticas.
- Utilizar a linguaxe plástica para expresar os sentimentos.
- Valorar e respectar as aportacións dos demais na produción dunha obra artística común.
- Amosar confianza nas propias capacidades creativas.
- Coñecer algún pintor significativo do noso patrimonio cultural(O Greco, Velázquez,Picasso).Traballo cunha obra dos mesmos.

METODOLOXÍA

-Será activa ,participativa, globalizadota,creativa e motivadora,plantexando as actividades de maneira lúdica e tendo en conta os interese do alumno/a.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

-A avaliación continua terá un momento inicial, unha continuidade e un momento final.

-Os instrumentos a utilizar: a observación directa do traballos feitos na clase, a limpeza, a orden nos traballos e a creatividade.

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

-Tamén valorarei a actitude dous alumnos/as durante ás sesións diarias.